

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN

1º ESO

Ao final de cada unidade didáctica realizarase unha proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 70% da nota da avaliación.

O outro 30%, vén definido polos criterios de avaliación pertencentes ao Bloque 1 que se recollen nas táboas de indicadores. Estes criterios de avaliación, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades:

- Prácticas de laboratorio
- Traballos cooperativos
- Traballos individuais
- Caderno de aula
- Proxecto científico
- Fichas de actividades de consolidación
- Fichas de actividades de reforzo
- Fichas de actividades de ampliación

Polo tanto, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

70% probas escritas

30% táboas de indicadores

Avaliación final.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións sempre que as tres cualificacións correspondentes a cada avaliación sexan iguais ou superiores a 5.

No caso de non ter superada unha ou máis avaliacións, os alumnos terán que facer unha proba escrita (das avaliacións non superadas) dos contidos impartidos durante o curso.

Cando un alumno/a teña unha, dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada criterios mínimos de aceptación das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO.

Ao remate da avaliación e despois de seren enviadas as cualificacións ós pais, os alumnos que non acaden os obxectivos mínimos a pesares das medidas individuais adoptadas, realizarán un control escrito de recuperación da avaliación da materia avaliada con menos de 5 puntos.

3º ESO

Cada dúas unidades didácticas, realizarase unha proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 70% da nota da avaliación.

O outro 30%, vén definido polos criterios de avaliación que se recollen nas táboas de indicadores. Estes criterios de avaliación, correspondentes á unidade didáctica 1, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades:

- Prácticas de laboratorio Non serán tidas en conta por non poder realizarse.
- Traballos cooperativos
- Traballos individuais
- Caderno de aula
- Proxecto científico
- Fichas de actividades de consolidación
- Fichas de actividades de reforzo
- Fichas de actividades de ampliación

Polo tanto, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

70% probas escritas

30% táboas de indicadores

Os alumnos que non teñan superada unha ou máis avaliacións, terán que facelo nas datas establecidas no mes de xuño, antes da avaliación final.

Avaliación final.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións sempre que as tres cualificacións correspondentes a cada avaliación sexan superiores a 5.

No caso de non ter superada unha ou máis avaliacións, os alumnos terán que facer unha proba escrita (unha vez rematada a terceira avaliación) dos contidos impartidos durante o curso.

Cando un alumno/a non supere unha avaliación, realizaráselle unha proba escrita baseada nos criterios mínimos de aceptación das unidades asociadas a esa avaliación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

Cando un alumno/a teña unha, dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada criterios mínimos de aceptación das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

4º ESO

Ao longo do curso están previstas tres avaliacións que coincidirán cos períodos anteriores ás vacacións de Nadal e Semana Santa e verán. Estes condicionamentos obrigan a dividir as programacións dos cursos por trimestres. Ditas avaliacións terán lugar nas datas programadas pola xefatura de estudos.

No Departamento utilizaremos criterios cualitativos y cuantitativos para a avaliación e cualificación.

Como criterios cuantitativos realizaremos:

- Probas escritas (a lo menos unha proba por avaliación)
- Preguntas orais na clase
- Cuestións de clases.

Como criterios cualitativos que poderemos avaliar mediante rúbricas realizaremos:

- Traballos individuais ou en grupo
- Traballo e comportamento no laboratorio
- Capacidade de expresarse correctamente.
- Cuidado do material
- Esfuerzo, participación do alumno, asistencia a clase, puntualidade, comportamento respectuoso co profesor e cos compañeiros.
- Actividades de ampliación(ver plan de mellora)

Os compoñentes do departamento de Bioloxía e Xeoloxía no referente a avaliación ó longo do curso acordaron o seguinte:

O valor que lle daremos aos instrumentos de avaliación será en 4º de ESO:

- probas escritas: 70%
- traballos, prácticas de laboratorio e caderno: 10%
- comportamento, asistencia, esforzo ,atención ,motivación, participación: 10%
- traballo en casa 10%

O valor que lle daremos aos instrumentos de avaliación en bacharelato:

- probas escritas y/o cuestionarios: 90%
- traballo en aula, resolución de cuestións, interese, esforzo, asistencia, motivación, participación, exposición de traballos: 10%

Os alumnos que non acaden o aprobado en calquera das avaliacións realizarán unha proba de recuperación despois da avaliación (tanto da parte teórica como práctica). Estas probas recollerán contados de carácter xeral na parte teórica e serán informados polo profesor dos traballos a realizar para a recuperación.

A finais do mes de xuño terá lugar a proba extraordinaria para os alumnos suspensos tal como se recolle para 4º de ESO na páxina 55 .

Hai materias que especificamente teñen unha cuantificación diferente: Cultura Científica de 4º da ESO. Son materias con unha carga de traballos superior e teñen outra consideración e se especifica na materia correspondente.

No caso de atopar algún alumno/a copiando ou intentando copiar nun examen por calquera medio, será cualificado cun cero (0) e suspenderá a avaliación correspondente independentemente das notas doutros exames de dita avaliación e terá que superar dita avaliación no examen correspondente de recuperación.

Se a infracción ten lugar nas probas finais previas á avaliación ordinaria o estudante suspenderá toda a materia.

Plan de mellora de nota

Actividades de ampliación como:

- Lecturas científicas/día
- Lectura de libros recomendadas
- Participación en actividades complementarias.

Plan de recuperación

Os alumnos que non superen algunha avaliación, terán dereito a realizar unha proba de recuperación **independentemente de que tiveran algunha parte superada**, a recuperación será polo tanto de toda a materia da avaliación suspensa.

Para considerar aprobada unha avaliación a cualificación será un cinco e no caso de realizar máis dunha proba escrita, non se fará media por debaixo de 3.5 puntos.

Esta recuperación farase despois da data de avaliación.

Ao final de curso e segundo o criterio do profesor, os alumnos poderán facer unha proba global ou ben por avaliacións para superar a materia.

Os alumnos que non obteñan a cualificación axeitada no mes de xuño (aprobado) deberán presentarse á proba extraordinaria do mes de xuño, todos os alumnos dun mesmo curso terán a mesma proba obxectiva preparada polos membros do Departamento onde figurará a puntuación correspondente a cada cuestión.

Nas probas escritas ten que figurar en cada cuestión a puntuación que o profesor considere oportuno e no caso de non aparecer dita puntuación considerarase que cada unha das cuestións terán o mesmo valor na súa parte proporcional.

1º BAC (BIOLOXÍA E XEOLOXÍA)

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos.

En cada un dos tres trimestres realizaranse a lo menos dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación o no seu caso a exposición do tema correspondente, cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación.

En cada avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

Realización de probas escritas: a media da nota obtida nas dúas probas representará o 80% da nota da avaliación.

O 20% restante obterase da corrección de exercicios e tarefas de aula, proxectos de investigación e informes de actividades prácticas no laboratorio. As producións do alumnado serán refrendadas cun rexistro do docente.

A cualificación só será positiva se os estudantes superan todos os contidos mínimos establecidos para cada avaliación e o aprobado establécese no cinco.

A cualificación final da materia será a media aritmética das notas globais das tres avaliacións do curso ou, de ser o caso, na proba final.

No caso de decimais na nota final de cada avaliación seguirase os seguintes criterios:

- Decimais menores a 7 serán redondeados á enteiro inferior .
- Decimais iguais ou maiores a 7 serán redondeados ao enteiro superior

O alumnado que teña unha cualificación negativa nalgunha das tres avaliacións do curso realizará no mes de xuño unha proba final para poder recuperalas. A cualificación da avaliación nesta proba final será o 100% da nota da avaliación. O aprobado establécese no cinco.

Avaliación extraordinaria

Os alumnos e as alumnas que ao remate do período ordinario non supere a materia poderán realizar unha proba escrita extraordinaria a finais de xuño.

1º BAC (ANATOMÍA APLICADA)

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos.

En cada un dos tres trimestres realizaranse unha ou dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación.

En cada avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

Realización de probas escritas: a media da nota obtida nas probas representará o 40% da nota da avaliación.

O 60% restante obterase da corrección de exercicios e tarefas de aula, proxectos de investigación e informes de actividades prácticas no laboratorio. Elaboración, presentación e exposición de traballos referidos a enfermidades do corpo humano, prevención, curación. As producións do alumnado serán refrendadas cun rexistro do docente.

A cualificación só será positiva se os estudantes superan todos os contidos mínimos establecidos para cada avaliación e o aprobado establécese no cinco.

A cualificación final da materia será a media aritmética das notas globais das tres avaliacións do curso ou, de ser o caso, na proba final.

No caso de decimais na nota final de cada avaliación seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.5 correspóndelle un 7 na avaliación)

O alumnado que obteña unha cualificación negativa nalgunha das tres avaliacións do curso realizará ao principio de xuño unha proba final para poder recuperalas. A cualificación da avaliación nesta proba final será o 100% da nota da avaliación. O aprobado establécese no cinco.

Avaliación extraordinaria

Os alumnos e as alumnas que ao remate do período ordinario non supere a materia poderán realizar unha proba escrita extraordinaria no mes de xuño.

Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes de cursos anteriores.

Co obxecto de facilitar a superación das materias pendentes de cursos anteriores o Departamento de Ciencias Naturais propón un plan de traballo que consiste en:

Dividir a materia en dous trimestres segundo acordado na reunión do claustro.

Cada trimestre entregárase aos alumnos un cuestionario coas actividades dos temas de cada trimestre.

A corrección do cuestionario valorárase ata un 40% da nota , e o a proba escrita do exame valorárase ata un 60%.

Ao longo do curso faranse dúas probas na liña das actividades propostas e terán carácter liberatorio.

A media entre as dúas probas farase so no caso de alcanzar unha nota de mínima de 3.5 nalgunha das partes e sempre que a cualificación final chegue ao 5.

No mes de maio terá lugar un exame final para para aqueles alumnos que non se presenten as probas anteriores ou teñan que recuperar algunha/s delas.

As actividades e as probas serán comúns para todos os alumnos de cada unha das materias.

Así mesmo o docente que imparta a materia no curso no que se atope o alumno pendente valorará positivamente o rendemento do alumno na materia do departamento do curso actual para a recuperación das materias de cursos anteriores.

Na materia de BIOLOXÍA 2º BAC farase avaliación continua cada trimestre.

Con vistas a titulación en 2º de bacharelato os alumnos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- presentar os traballos indicados polo profesor/a (orais ou escritos).
- Presentarse aos exámenes correspondentes (avaliación ou recuperación) nos que deberá obter unha cualificación positiva superior a 5 puntos sobre 10.

No caso de que unha materia do noso departamento sexa a única cunha avaliación negativa na avaliación extraordinaria, o alumno poderá titularse sempre que se teña presentado ao examen extraordinario e alcanzara unha cualificación mínima de tres (3) puntos sobre diez (10).